



**ACTA DE ENTREGA DA POSESIÓN DE PARTE DA PRAZA PÚBLICA DE  
BARCELOS PARA UN USO CONCORRENTE ENTRE A XUNTA DE GALICIA E O  
CONCELLO DE PONTEVEDRA**

En Pontevedra a 19 de outubro de 2016

**DUNHA PARTE:** Dona María Carme Fouces Díaz, Concelleira de governo da área de Educación, Igualdade e Servizos Sociais do Concello de Pontevedra, por acordo da Xunta de Goberno Local de data 13 de xuño de 2015, en nome e representación do Concello de Pontevedra.



**DOUTRA PARTE:** D. César Pérez Ares, xefe territorial da Xefatura Territorial da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Delegación Territorial da Xunta de Galicia.

Ámbolos dous comparecentes recoñécense mutua competencia e capacidade para a formalización da presente acta de entrega da posesión de parte da praza pública de Barcelos, cuxa superficie se concreta no plano adxunto a este acta, que se une a a presente acta de entrega e para o efecto manifestan:

**I**

O xefe territorial da Xefatura Territorial da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Delegación Territorial da Xunta de Galicia, mediante escrito de data 5 de outubro de 2016, solicitou a cesión de parte da praza pública de Barcelos a favor do CEIP Praza de Barcelos para que en horario lectivo poidan realizar as actividades programadas no centro.

**II**

O Concello de Pontevedra mediante acordo da Xunta de Goberno Local acordou a mutación demanial de parte da da praza pública de Barcelos, cuxa superficie se concreta no plano adxunto a este acta, estipulando que era para un uso concorrente entre o Concello de Pontevedra e a Xunta de Galicia. A Xunta de Galicia como entidade beneficiará destinará o espazo cedido a uso educativo a favor do CEIP de Barcelos para as actividades programadas no centro.

**III**

E convindo ambas partes, formalizan na presente acta a entrega da posesión de de parte da da praza pública de Barcelos, cuxa superficie se concreta no plano adxunto a este acta, para un uso concorrente entre o Concello de Pontevedra e a Xunta de Galicia con arranxo a seguinte CLÁUSULA:

Dona María Carme Fouces Díaz, en nome e representación do Concello de Pontevedra, e conforme o acordo da Xunta de Goberno Local de data 18 de outubro de 2016, entrega á Xunta de Gaicia no presente acto a posesión de parte parte da praza pública de Barcelos a favor do CEIP Praza de Barcelos para que en horario lectivo poidan realizar as actividades programadas no centro, establecéndose un uso concorrente entre o Concello de Pontevedra e a Xunta de Galicia. As condicións da cesión son as fixadas no devandito acordo da Xunta de Goberno Local.



CONCELLO DE  
PONTEVEDRA



XUNTA  
DE GALICIA

Lido esta acta de entrega de posesión e feitas as advertencias legais, en proba da súa conformidade con este, asinan ámbalas partes en cuatriplicado exemplar.



- CONCELLO DE PONTEVEDRA

\* Asdo: María Carme Fouces Díaz

- XUNTA DE GALICIA

Asdo: César Pérez Ares